



Departamento de
Biología e Xeoloxía

RECUPERACIÓN DE MATERIA PENDENTE 1º ESO
BOLETÍN DE EJERCICIOS 2ª PROBA

1. Enumera as características comúns a todos animais.

2. Cales son os dous grupos principais en que se clasifican os animais? Pon algún exemplo de cada grupo.

3. Completa o texto coas seguintes palabras:

esqueleto interno – nervioso – vértebras – medula espiñal – columna vertebral – encéfalo – nervios

Os animais vertebrados posúen un sistema.....moi desenvolvido, situado en posición dorsal. Está formado polo.....que se encontra na cabeza, a.....protexida pola columna vertebral e os....., que se ramifican por todo o corpo.

Teñen un.....que lles permite o movemento, protexe os órganos e dá sostemento ao corpo.

O eixe principal é a....., formada por unha serie de pezas articuladas, as.....

4. Enumera as clases de vertebrados que hai e pon dous exemplos de cada un.

5. Completa os contidos que faltan:

a) As características comúns a todos os *peixes* son:

Os principais grupos de peixes son:

b) As características máis importantes comúns a todos os *anfíbios* son:

As diferenzas entre anuros e urodelos son:

c) As características comúns a todos os *réptiles* son:

Os principais grupos de réptiles son:

d) As características máis importantes comúns a todas as *aves* son:

As diferenzas entre os dous grandes grupos de aves son:

e) As características comúns a todos os *mamíferos* son:

Os tipos de mamíferos son:

6. Completa as seguintes descrições do ser humano:

- As extremidades anteriores son os..... que terminan nas mans co dedo....., o que facilita a manipulación de obxectos.

- Somos....., posto que utilizamos as extremidades posteriores, as....., para desprazarnos e facémolo cunha postura erguida.

7. Enumera os principais grupos de animais invertebrados. Pon un exemplo de cada un.

8. Sinala a que grupo de invertebrados fan referencia as seguintes características:

- a) Corpo brando, alongado, cilíndrico, dividido en aneis. Carecen de patas. Hai especies terrestres e acuáticas.....
- b) Corpo brando, protexido en ocasións por unha cuncha, sen aneis. Hai especies terrestres e acuáticas.....
- c) Corpo brando en forma de saco, a cavidade gastrovascular comunícase co exterior por unha soa abertura, a boca, rodeada de tentáculos. Especies xeralmente mariñas.....
- d) Animais sen cabeza, co corpo cuberto de espiñas ou placas calcarias que se desprazan mediante pés ambulacrais. Especies mariñas.....
- e) Corpo brando, alongado e plano. Moitas especies son parasitas e algunhas son acuáticas.....
- f) Caracterízanse por ter o corpo perforado mediante un gran número de poros que se comunican co exterior pola cavidade atrial.....
- g) Teñen o corpo dividido en segmentos, cun esqueleto externo de quitina e patas articuladas móbiles.....

9. Completa a seguinte táboa comparativa dos distintos grupos de artrópodos:

Grupo	Partes en que se divide o seu corpo.	Número de patas	Exemplo

10. Nomea dous beneficios e dous prexuízos que ocasionan os insectos.

11. Relaciona cada concepto coa súa descrición.

- | | |
|--------------|----------------------------------------------------------------------|
| 1. Exección | a) Consiste na incorporación dos alimentos. |
| 2. Dixestión | b) É a transformación do alimento en nutrientes solubles. |
| 3. Absorción | c) É a expulsión ao exterior das substancias non dixeridas. |
| 4. Inxestión | d) Os nutrientes obtidos da dixestión pasan ao sistema circulatorio. |

12.

a) Que tipos de respiración hai? Noméaaas.

b) Cal é a propia dos anfibios? E a dos insectos?

13. Ademais do corazón, que outros compoñentes constitúen o aparello circulatorio?

14. Relaciona cada concepto coa súa descrición:

- | | |
|-----------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1. Encéfalo | a) Cordón nervioso que percorre o lombo do animal e que se encontra protexido polas vértebras. |
| 2. Nervios sensitivos | b) Transmiten a información desde os centros nerviosos ata os órganos efectores. |
| 3. Medula espiñal | c) Centro nervioso situado na cabeza. |
| 4. Nervios motores | d) Transmiten información desde os receptores aos centros nerviosos. |

15. Completa a seguinte táboa:

	Peixes	Anfibios	Réptiles	Aves	Mamíferos	Insectos
Tipo de reprodución	Sexual					
Tipo de fecundación		Externa				
Desenvolvemento embrionario			Ovíparos, ovovivíparos			
Desenvolvemento postembrionario				Directo		

16. Cales son as características do reino Plantas? En que se diferencian dos animais? Por que son tan importantes as plantas para o mantemento da vida na Terra?

17.

Sinala na imaxe as partes do talo e indica as súas funcións. Como se forman e en que dirección circulan o zume bruto e o elaborado?



18. En que consiste a fotosíntese? Onde e cando se realiza?

19.

Sinala na imaxe as partes da flor e indica as súas características.



20. Por que se torce o talo dunha planta cando recibe a luz só por un lado? En que dirección medra o talo? Como se denominan estes cambios no crecemento das plantas?

21. Cita a secuencia de procesos que se producen durante o ciclo vital das plantas con sementes.

22.

Escrebe o nome das partes sinaladas e indica as características do reino ao que pertence.

Que importante función teñen no ecosistema?



23. Completa o seguinte cadro.

	Protozoos	Algas
Reino		
Tipo de células		
Unicelulares e/ou pluricelulares		
Nutrición		

24. Explica o tipo de asociación que constitúen os liques. Como poden vivir en lugares inhóspitos como rochas ou tellados?

25. Cita as características do reino Moneras. Que seres vivos pertencen a este reino?

26. Completa as seguintes frases:

- As bacterias..... fabrican a súa propia materia e entre elas encóntranse as..... .
- As bacterias saprófitas viven sobre a materia orgánica en..... e desempeñan un papel moi importante na biosfera porque a degradan en compostos..... .
- As bacterias..... aliméntanse a expensas dos nutrientes doutros seres vivos, aos que..... producíndolles..... .

27.

a) Relaciona os elementos das dúas columnas.

1. Biótoto

2. Ecosistema

3. Biocenose ou comunidade

4. Poboación

a) É o conxunto de seres vivos dun ecosistema.

b) Parte física do ecosistema

c) Seres vivos da mesma especie que habitan nun ecosistema

d) Biocenose + biótoto

b) Indica cales son os factores abióticos que máis inflúen nos ecosistemas terrestres.

28. Cales son os compoñentes do solo? Indica o proceso de formación dun solo.

29.

a) Ordena as seguintes especies nunha cadea trófica. Indica a función de cada especie na cadea (produtor, consumidor primario, etc.):

león mariño – zooplancto – lura – fitoplancto – kril

b) Relaciona os conceptos das seguintes columnas.

1. Mutualismo
2. Simbiose
3. Depredación
4. Parasitismo
5. Comensalismo
6. Inquilinismo

- a) Un organismo vive sobre outro sen causarlle prexuízo.
- b) Un organismo aliméntase doutro sen producirille a morte.
- c) Dous animais establecen unha relación da que se benefician os dous.
- d) Dous organismos establecen unha relación da que se beneficianos dous, tan extrema que xa non poden vivir por separado.
- e) Un organismo benefíciase da actividade doutro sen causarlle prexuízo.
- f) Un organismo aliméntase doutro producíndolle a morte.

30. Observa a imaxe e indica cales son as zonas climáticas sinaladas e cita exemplos de ecosistemas terrestres de cada zona.

